



A Coruña, 20 de decembro 2022.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA N°10 TEMP 2022-23**

**Equipos participantes: CW LUGO-CM FERROL**

**Competición: Liga Galega Waterpolo División de Honra Masculina.**

**Data de celebración: 11/12/2022.**

**FEITOS**

- O día 13 de decembro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

*"No minuto 03:12 do último período é expulsado con substitución disciplinaria o xogador visitante nº 2, D. M. Sanz Lago (nº lic. 1007868) polo seguintes feitos:*

*Sendo advertido este mesmo xogador con anterioridade no encontro pola súa conduta e as protestas ostensibles ás decisións arbitrais, no momento referido do partido diríxese aos colexiados nos seguintes termos, berrando, tras serlle sancionada unha falta en contra: «;Pero si ni siquiera estaba mirando! ;Esto no es normal!»; á par que amosaba as mans fóra da auga á altura da cabeza"*

- O día 14 de novembro deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como infracción leve do art. 7. I.1.a).

**RESOLVE**

- Sancionar a D. M. Sanz Lago con número de licenza 1007868 xogador do C. M. Ferrol cat. absoluta masculina con amoestación nesta categoría(art. 9.III.a).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN